

XORNADAS DIVULGATIVAS SOBRE O PAPEL DA MULLER NO SECTOR PESQUEIRO E CONSERVEIRO



O obxectivo desta xornada é salientar o papel estratéxico da muller no noso sector, resaltando a súa gran achega e recoñecendo o esforzo realizado tanto no pasado, presente e de cara ó futuro, configurándose como alicerce fundamental da nosa sociedade e comunidade pesqueira e conserveira xa que participan en toda a cadea produtiva, dende o subsector extractivo ata a comercialización final do produto: tarefas de recollida, tratamento e venda de peixe, xestión e planificación empresarial das unidades de produción. Este papel é fundamental en subsectores como a conserva e a transformación de peixe, o subsector acuícola, as actividades auxiliares da pesca ou do marisqueo onde a súa actuación convértese nun factor esencial, acadando en Galicia unha entidade propia que non existe noutros países de Europa. Nembargantes, esta realidade está recollida de forma moi deficiente nas escasas estatísticas publicadas referidas ao sector pesqueiro, distorsionando o papel das mulleres. Nestas Xornadas pretendemos evidenciar a verdadeira importancia das mulleres no sector pesqueiro galego cunha cuantificación do emprego nos distintos campos.

Por todo iso, consideramos de gran importancia e utilidade a organización destas xornadas dirixidas ás empresas do sector industrial transformador e conserveiro de produtos do mar, e ao público en xeral, que terán como obxectivo concienciar e divulgar o papel activo da muller no noso sector dende unha perspectiva económica, laboral e práctica.

PROGRAMA

- 09:00 h. Entrega de documentación.
- 09:30 h. Acto Inaugural
- 10:00 h. Primeira Ponencia.
Ponencia: **“A muller no ámbito das relacións laborais do sector pesqueiro e conserveiro”**
Ponente: Sra. Dna. Pilar Cancela Rodríguez
(Directora Xeral de Relacións Laborais-Consellería de Traballo).
- 10:30 h. Segunda Ponencia.
Ponencia: **“O papel da muller no sector pesqueiro e conserveiro dende unha perspectiva económica”**
Ponente: Sra. Dna. Carmen García Negro.
(Profesora Titular da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela).
- 11:00 h. Terceira Ponencia.
Ponencia: **“Mulleres conserveiras: vida e traballo no século XX”**
Ponente: Sra. Dna. Luisa Muñoz Abeledo
(Profesora de Historia Contemporánea na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela).
- 11:30 h. Pausa Café.
- 12:00 h. Cuarta Ponencia.
Ponencia: **“Características socio-laborais das mulleres no sector conserveiro”**
Ponente: Sra. Dna. Marina Polo Cal
(Responsable de Calidade da empresa CEFRICO e formadora do sector conserveiro).
- 12:30 h. Quinta Ponencia.
Ponencia: **“O papel da muller no subsector da conserva: pasado e presente”**
Ponente: Sra. Dna. M^a Teresa Filgueira Prol
(Traballadora do sector conserveiro da empresa Conservas Isabel de Galicia, S.L.)
- 13:00 h. Debate e preguntas.
- 13:30 h. Acto de clausura.

A MULLER NO ÁMBITO DAS RELACIÓNS LABORAIS DO SECTOR PESQUEIRO E CONSERVEIRO

Ponente: Sra. Dña. Pilar Cancela Rodríguez
(Directora Xeral de Relacións Laborais-Consellería de Traballo).

Moi bos días a todas e a todos:

É para min unha gran satisfacción estar hoxe compartindo con vostedes estas **Xornadas Divulgativas sobre o Papel da Muller no Sector Pesqueiro e Conserveiro** e analizando a situación da poboación feminina desde a perspectiva das relacións laborais neste sector.

Para analizar as características que definen a actualidade das relacións laborais no sector pesqueiro e conserveiro é importante situarnos, primeiro, en que estamos ante un sector que engloba múltiples actividades como a pesca extractiva, o marisqueo, a acuicultura, a industria conserveira, os estaleiros ou o comercio, e que se trata dun sector que continúa sendo un dos primeiros axentes da economía galega.

Se consideramos o sector pesqueiro en xeral, observamos que o ámbito das relacións laborais se establece en torno a tres profesións que son consideradas as mais relevantes neste sector:

- Pescad@r
- Mariscad@r
- Comprad@r

E comprobamos tamén que, mentres que na profesión de percad@r o perfil medio é o dun home de entre 25 e 54 anos de idade adicado á pesca extractiva, no ámbito do marisqueo a pé son as mulleres as que representan o 85% das persoas adicadas a esta profesión.

Estes datos porcentuais mantéñense así de elevados para a poboación feminina cando analizamos o número de persoas adicadas a actividades como a conserva e a transformación de peixe ou a acuicultura, e onde queda plenamente xustificado o papel estratéxico que a poboación feminina representa neste sector, no noso país.

Polo tanto, considerar a perspectiva de xénero para as negociacións en materia de relacións laborais, neste sector, preséntase como algo necesario:

- Polos datos de representatividade que as mulleres teñen no sector pesqueiro e conserveiro no noso país.
- E porque, hai que potenciar as relacións laborais, no fomento do crecemento socioeconómico de Galicia, desde a óptica dunha europeización crecente das relacións laborais onde se impoñen, como criterios transversais de referencia en materia de relacións laborais, aspectos tales como: a modernización da organización do traballo, a responsabilidade social das empresas, a flexiseguridade ou os retos e oportunidades que presenta o principio de Igualdade de Oportunidades, entre outros.

Por outra parte, un dos aspectos en materia de relacións laborais que está centrando o debate sobre a calidade e as condicións laborais neste sector é a “Prevenición de Riscos Laborais”.

Como dato significativo temos que, entre todas as actividades laborais consideradas de alto risco, a pesca deixa a taxa de accidentalidade máis alta de todos os sectores de actividade laboral, non só en Galicia senón dentro dos países da Unión Europea.

Para paliar esta situación, o Goberno galego puxo en marcha, no ano 2006, o “Plan de prevención de riscos laborais no sector pesqueiro” destinado, entre outros obxectivos, a:

- Mellorar os hábitos de traballo d@s profesionais do mar, xuntamente cunha utilización acertada e segura do material e equipos de traballo.
- Implantar unha concienciación preventiva do sector.
- Ou, a impulsar modelos de xestión preventiva adecuados para o sector.

A estes obxectivos do “Plan de prevención de riscos laborais no sector pesqueiro” é preciso sumarlles tamén, cando falamos do sector pesqueiro e conserveiro, a necesidade de incorporar modelos de xestión preventiva adecuados segundo a perspectiva de xénero.

O factor xénero é un elemento imprescindible de planificación, control e medición das medidas de prevención de riscos e enfermidades profesionais, non só desde a perspectiva do sector pesqueiro e conserveiro senón que se impón como tendencia obrigada en todos os ámbitos sectoriais.

A prevención de riscos laborais e enfermidades profesionais está, frecuentemente, orientada a sectores específicos e a niveis básicos de prevención. Por iso é importante que, entre todos os axentes implicados na implementación de plans de prevención, vaiamos promovendo o traballo sobre áreas de intervención en materia de prevención, cada vez mais avanzadas e especializadas.

Especialización como a que nos permite a incorporación da perspectiva de xénero.

A incorporación crecente das mulleres ao mercado de traballo esixe:

1. Políticas de emprego cunha clara compoñente sexual na súa formulación. Obxectivo que o Goberno galego converteu en compromiso e que está dando importantes resultados para nosa comunidade autónoma como a recente aprobación de textos normativos tales como:

- A Lei 2/2007 do 28 de marzo, do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia.
- Ou, o “Decreto polo que se regula a Consello Galego de Participación das Mulleres no Emprego e as Relacións Laborais, e a Integración da Igualdade nas Políticas de Prevención de Riscos Laborais”.

2. A realidade actual esixe tamén, medidas de prevención de riscos laborais e enfermidades profesionais que teñan en conta a perspectiva de xénero na súa formulación. Algo que actualmente segue a ser un reto para todos nós e sobre o que poden facer unha importante aportación as empresas, as traballadoras e os traballadores que diariamente desenvolven a súa actividade profesional neste sector.

Por outra parte, as políticas actuais en materia de relacións laborais indican que para lograr un maior compromiso coa prevención de riscos laborais é preciso:

- A intervención en cambios de modelos de comportamento.
- A extensión xeral da cultura preventiva a todo o tecido empresarial, independentemente do tamaño das empresas, e a toda a sociedade.
- Abordar a seguridade e saúde laboral desde unha perspectiva transversal e integral en liña co impacto laboral, económico e social que teñen os accidentes laborais e enfermidades profesionais.

A perspectiva de xénero e, máis concretamente, o principio da igualdade entre homes e mulleres está presente tamén no Proxecto da nova Lei de Pesca de Galicia que foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en xullo deste ano, unha norma áxil e moderna destinada a afrontar o futuro do sector con garantías desde a explotación sustentable dos recursos.

Neste proxecto de lei indícanse como principios inspiradores:

- A explotación sustentable.
- A competitividade.
- A seguridade alimentaria.

E, o máis importante para o tema que nos ocupa hoxe aquí:

- A mellora da calidade de vida.
- E a igualdade entre homes e mulleres.

Ao desenvolver políticas de prevención de riscos laborais e enfermidades profesionais no sector pesqueiro e conserveiro e no momento de planificar e implementar medidas concretas de prevención por parte das empresas, traballadoras e traballadores deste sector, é importante ter en conta cáles son:

- As tarefas profesionais ou os tipos de traballo que se van desenvolver.
- Os espazos físicos que son o lugar de traballo para as persoas que desenvolven a súa actividades profesional no ámbito pesqueiro e conserveiro. Os máis significativos son, entre outros:
 - As confrarías de pescadores.
 - Os barcos de pesca, tanto de baixura como de altura.
 - As lonxas.
 - As praias de marisqueo e postos de control destas.
 - As fábricas e centros de transformación de peixe.

Xunto a estes aspectos a ter en conta á hora de deseñar políticas e implementar medidas concretas para a prevención de riscos laborais e enfermidades profesionais, deben terse en conta tamén cáles son aqueles factores que inciden de forma directa nos riscos de sinstrialidade laboral, como pode ser a “temporalidade”, e que teñen unha presenza importante nun sector como o pesqueiro e conserveiro.

Por último, gustaríame sinalar, tamén neste ámbito a posta en marcha por parte do Goberno galego do **Plan Aurora**, destinado especificamente ao cumprimento das distintas actuacións contempladas na Lei de Traballo en Igualdade e que ten como obxectivos:

1. Incrementar a participación das mulleres no mercado laboral, incorporando a mulleres inactivas a este, de cara a achegar o índice de mulleres afiliadas a un nivel similar ao dos homes.

2. Incrementar a calidade e seguridade no emprego das mulleres.

3. Reducir as desigualdades en razón de sexo, **na incorporación das mulleres ao conxunto das actividades e ocupacións.**

4. Fomentar a implantación do **principio de igualdade e de paridade retributiva** por traballo de similar valor.

5. Fomentar o emprendemento, a economía social e a incorporación a ocupacións dos **filóns de emprego** das mulleres e a súa coparticipación legal nas empresas familiares.

6. Apoiar ós sectores maduros con alto índice de presenza feminina.

7. E potenciar a **conciliación da vida laboral e familiar.**

Son 7 OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS, amparados por outros tantos programas transversais, das diferentes áreas da Consellería de Traballo, con medidas específicas, que permitirán unha meirande eficacia e eficiencia na súas actuacións.

Todos cantos colaboramos no ámbito das relacións laborais: Administracións públicas, empresariado, traballadoras e traballadores, debemos reflexionar sobre a importancia de seguir avanzando en materia de relacións laborais :

- Coñecendo todas as oportunidades que nos ofrece o actual mercado laboral.
- Incorporando cada vez con maior intensidade novas medidas de prevención nos nosos ámbitos laborais.
- E, seguir traballando cun compromiso real en favor do emprego de calidade.

Moitas grazas pola súa atención.

O PAPEL DA MULLER NO SECTOR PESQUEIRO E CONSERVEIRO DENDE UNHA PERSPECTIVA ECONÓMICA

Ponente: Sra. Dna. Carmen García Negro.
(Profesora Titular da Facultade de Ciencias Económicas e
Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela).

Na Conferencia Mundial da Muller en México, en 1975, que inauguraba a Década da Muller da ONU resaltaba-se cómo era imprescindible contar coas mulleres nos proxectos motores do desenvolvemento económico. En realidade, na conferencia difundíronse datos sobre a posición e rol da muller¹.

Desde ese momento comezou un movemento mundial de promoción dos proxectos para a muller no seo de programas de grande envergadura. As organizacións internacionais de certo rango lanzaron multitude de propostas e deseñaron programas de todo tipo abrangendo partes específicas nos seus programas para integrar e utilizar a forza feminina na obtención de crecemento económico. Non obstante é preciso sinalar cómo, case sempre, as actividades desenvolvidas a favor da muller, situábanse na esfera da reprodución (alimentación, hixiene, costura, tecidos...). Sabemos cómo, a maior parte das veces, estes proxectos non lograron os obxectivos desexados xa que foron, na práctica, considerados como acesórios e/ou prescindíbeis e non se correspondían precisamente coas necesidades reais da muller. Dai o relativo fracaso da posta en práctica da maior parte daquela numerosísima lista de propostas que ao longo de dúas décadas se foron sucedendo. A separación material entre as opcións políticas proclamadas e a posta en práctica foi grande. Entre as causas podemos citar a falta de información adecuada, a consideración do cabeza de familia masculino como representante e interlocutor das ansias, desexos, problemas e capacidades das mulleres, a existencia e pervivencia como unha enorme forza pasiva dun enfoque androcéntrico nos estudos específicos que analistas de influencia mundial imprimiron e imprimen aos enfoques e análises da participación das mulleres na produción, PIB ou calquer outra medida e, en fin, os aspectos menores –pero cuantiosos e por iso moi importantes– da invisibilidade que á mirada occidental (homologada baixo a historia do crecemento industrial) presentan as mulleres dos países menos desenvolvidos ou desenvolvidos doutra maneira.

¹“Muller” era o término utilizado oficialmente naquelas datas.

A invisibilidade

A ausencia de información adecuada é unha causa importante da invisibilidade do traballo das mulleres. Existen poucas fontes oficiais con series temporais longas e con datos suficientes para reflexar a participación da forza laboral feminina no produto dun ano. Esta falta pode ser debida a dous motivos: primeiro, está mal definido (non adecuadamente definido) o produto e, segundo, non se considera formando parte do produto o traballo da muller que non chega ao mercado (aprovisionamento de bens para labores de reprodución no ámbito doméstico, educación, criación de alimentos, traballo de cuidado e sanitario, etc).

Apesar do grande avance que supuxo o paso das dúas últimas décadas do s.XX aínda hoxe é imposible achegar-se mediante datos oficiais a unha boa representación estatística da presenza feminina na forza laboral e, polo tanto, no produto. E isto sucede nos distintos niveis espaciais en que se manifeste o noso interese. Mesmo se poderían cometer erros de bulto se comparásemos esas estatísticas entre rexións económicas distintas xa que, con toda seguridade, a definición de partida de produto e actividade económica non coinciden, co cual estaremos contribuíndo a aumentar un dos aspectos da invisibilidade da que falabamos máis arriba

Os problemas da contabilización

Non obstante, é cada vez máis inexplicable que despois dos cambios producidos na sociedade, nas lexislacións, na práctica política e na idea colectiva do concepto en termos de relacións políticas, siga estando ausente das estatísticas oficiais ao uso unha parte significativa da forza laboral feminina. É aínda máis inexplicable cando desde a teórica feminista se teñan dado solucións nos plantexamentos teóricos e no correlato práctico para correxer e levar á luz as carencias estatísticas². **Deberíamos citar como máis representativa a aportación de Waring porque examina na súa raíz o problema e aporta solucións acaiadas ao mesmo. A súa análise cumprida do sistema de contas das Nacións Unidas elimina as excusas de difícil contabilización, de imputación e/ou recoñecemento da actividade económica de calquer país do mundo³. Só a tozudez científica explica que a fins da década de 80 poideran ser recollidos nos sistemas de Contabilidade Nacional dos setenta países en vías de desenvolvemento que siguen as orientacións do Sistema de Contas da ONU, as actividades da pesca non retribuídas (e/ou de difícil cuantificación) como representativas das actividades de traballo feminino e que ao non pasar polo mercado quedan ocultas na Contabilidade**

² Waring, M. (1994): *Si las mujeres contaran. Una nueva economía feminista*, Madrid, Vindicación Feminista.

³ Ibid. 116 e ss

Nacional. Deses setenta países, só 17 non aparecen no listado e son tanto os que non teñen pesca como aqueles outros (tipo Arxentina) onde non son tripulantes. As restantes actividades produtivas (en termos materiais) criadoras do produto pescado/alimento non figuraron como actividades da participación feminina.

De todos os xeitos, semella que estamos a tratar de países que se corresponden con realidades económicas moi distintas da nosa. For por razóns de desenvolvemento económico, for por razóns de importancia económica en termos de mercado da actividade pesqueira. Sen embargo, non é así de fácil nen así de directo.

Resulta case unha pescuda policial atopar unha cifra que procedente da estatística oficial nos achegue ao número de activas galegas en pesca (ocupadas e paradas) pero denantes de chegar a esa cifra permitase-nos unha pequena digresión.

No mesmo ano 1975 en que sinalabamos comenzaba a década da Muller, publicouse por primeira vez en Galiza un traballo⁴ que poñía de manifesto a enorme distancia (100.000 ocupadas exactamente) entre o número de activas na agricultura segundo fosen contabilizadas no Censo Xeral de Poboación (1970) ou no Censo Agrario de 1971. Por primeira vez as mulleres labregas galegas aparecían nese censo específico reflexadas como o que realmente eran: ocupadas na agricultura. Alí poñía-se de relevo como o só feito de que non fose o home da casa o encargado de preencher o cuestionario censal e estivese na mao dun axente censal mudaba o reflexo estatístico dunha realidade que era a mesma o ano 70 que o 71.

Este fenómeno que parece tan lonxano –e tan doadamente salvábel- volta a aparecer cando facemos as primeiras incursións na única fonte que os economistas temos para comezar a tratar unha realidade económica: as estatísticas de emprego (ocupación, des-emprego e paro) e as estatísticas de produción. O desaparecido (1986) Anuario de Pesca Marítima nen contemplaba a posibilidade da existencia de mulleres con emprego en pesca. Por dúas razóns: non existían mulleres tripulantes e a definición da pesca era minimalista (captura a bordo dunha embarcación de peixes, moluscos, crustáceos...).

Esta caída dunha fonte estatística que aunaba a parte de produción pesqueira extractiva española non vén substituída por ningún Anuario específico para este sector e hoxe, salvo as fontes censais (Censo Xeral de Poboación Instituto Nacional de Estatística e Padrón Municipal de Habitantes, cada 10 e 5 anos respectivamente) non se publica con periodicidade anual nengunha estatística que recolla a actividade en pesca diferenciando ocupados/as e parados/as.

⁴ García Negro, M.C.: *Notas encol da poboación activa feminina na agricultura galega*, nº extraordinario de *La Voz de Galicia* en conmemoración do Ano Internacional da Muller, 31 de Decembro de 1975

A importancia da contabilización

Poderíamos preguntarmo-nos o porqué de tan longa introducción cando o realmente importante é tratar do papel económico das mulleres en pesca dado que xa sabemos que existen. Pero permitase-me só citar como extremadamente inxenua esta constatación, pois é ben sabido que na sociedade actual “sin papeis”⁵ non teñen cabida na consideración de traballadoras legais con deberes e dereitos de cidadáns. Queremos dicir que o primeiro elo da cadea da existencia legal dunha traballadora é ter nome de tal e un lugar recoñecido e recoñecíbel nos rexistos ao uso. Non se trata polo tanto, dunha discusión académica senón da mais elemental pescuda de aquilo que, existindo na realidade material, é recollido na realidade legal. Só desta maneira estaremos comenzando a tratar da identificación de actividade, do seu estatuto, da posibilidade do seu convenio... Só por esta razón de non recoñecimento explicamos feitos de hoxe mesmo como a asombrosa negativa por parte do ISM (Instituto Social da Mariña) a afiliarse a mariscadoras facendo depender ese dereito (eu diría que obriga) do estatuto familiar (respeito da situación do marido) que, como ben é sabido só está resolvido a medias. Ou aqueloutro non menos pintoresco, pero aínda máis grave, de que na CNAE (Clasificación Nacional de Actividades Económicas) non aparece recollida a actividade de mariscadora. Debo dicir, como economista, que se non está na CNAE non debo busca-la porque non teño onde incluí-la. Tanto máis estrano cuanto que os distintos oficios legais e paralegais relacionados co alterne, coa adivinación do futuro ou coa maquillaxe de defuntiños ou perruquería de cans, sí constan.

Xa que logo, podemos voltar a empezar. O problema do recoñecimento da forza laboral feminina galega na pesca non reside na má identificación de actividades que sendo de natureza económica non son obxecto de tráfico mercantil. É dicir, o problema no noso país non é de sacar á luz mulleres que son axudas familiares, colaboradoras, traballadoras ocasionais, substitutas dos homes. No noso país, na Galiza, a forza laboral feminina na pesca existe hoxe con carta de natureza de seu, con arraigo histórico e cun papel económico fundamental para a obtención do produto pesqueiro.

Papel histórico, económico e cultural das mulleres na pesca galega

Galiza é a rexión pesqueira máis importante da Unión Europea. Reúne no seu pequeno territorio (29.000 Km²) un relevo costeiro inigualábel, exclusivo polo seu trazado e polas súas condicións ecosistémicas e reúne tamén unha tradición histórico-cultural de relación co

⁵“Os/as sin papeis” seres humanos vivos activos inmigrantes nun Estado de acollida en situación irregular desde a perspectiva da súa residencia/nacionalidade legal. O seu estatuto de cidadáns é tamén de *invisibilidade*.

mar, nomeadamente, nas actividades pesqueiras, que non ten parangón con nengunha rexión europea. Galiza non vive de costas ao mar senón co mar no interior das casas.

Desta relación histórica criadora de todo tipo de enlaces de natureza económica, as mulleres da costa foron protagonistas: pescando, cultivando, transformando, vendendo e transmitindo saberes (coñecimento) para repetir xeración tras xeración esa relación íntima entre habitantes e mar. Aquí, as mulleres foron desde sempre pescadoras a bordo, traballadoras na industria conserveira, transportistas-estibadoras de pescado, vendedoras de pescado, transformadoras de materia prima pescado en alimento nas súas diversas presentacións, comercializadoras, armadoras, mariscadoras, redeiras, percebeiras, recolectoras de algas, bateeiras, empresarias da comercialización, directoras e xerentes de empresas medianas e grandes e accionistas de grandes compañías. Mesmo nos últimos vinte anos toman terreno nas titulacións náutico-pesqueiras de nivel medio e superior.

Porqué, logo, esta realidade non aparece nas estatísticas ou aparece moi mermada? Así, por exemplo, no Censo de poboación e vivenda 2001 no seus datos provisórios recollen-se datos que cifran o número de ocupadas na pesca en 7.269 dun total de 400.242 ocupadas galegas nese ano e segundo o censo, e seguimos preguntando: a qué corresponde esta cifra?, ás mariscadoras?, non porque ese ano o número de permex activos era superior. É dicir, os rexistos da Administración Autonómica cifraban en 8.000 aproximadamente o número de mariscadoras, máis do 90% mulleres. Corresponden ás que son pescadoras en barco?, Inclúirá as redeiras?, Contará as bateeiras?.

O que sí sabemos con certeza é que os aproximadamente 9.000 empregos⁶ ocupados por mulleres na industria conserveira non se contabilizarían aí. Nen os correspondentes ás actividades do sector servizos directamente relacionados coa pesca. Nen nengún dos empregos directos que existen só porque Galiza é un país pesqueiro: depuración de moluscos, cetáceas, pequeno transformado, importación/exportación, frigoríficos, transporte, distribución maiorista e minorista, tenda ao detalle...

Significación singular da pesca na economía galega

Estas actividades non son, como sucede noutros países, partes dunha industria de alimentos senón componentes dun complexo integrado todo él na pesca. É dicir, o produto ou ben de mercado pescado precisa para ser realmente ben de consumo, dun tecido extractivo de cultivo, de comercialización, de transformación, que se realiza na Galiza.

⁶ É a estimación que fai ANFACO (Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Marisco). Recollen o emprego total eludindo a falsa discusión entre persoal fixo e fixo discontinuo.

Temos instalados e en uso os frigoríficos/conxeladores de pescado mais importantes do Estado e en termos relativos de Europa. En Galiza hai capacidade frigorífica tal que unha soa empresa pode almacenar todo o pescado conxelado que se consume nun ano en España. Somos os primeiros produtores europeos de mexillón e, salvo China, do mundo. A capacidade comercializadora adicada en exclusiva ao pescado garante que desde Galiza se abasteza o mercado español e se exporte a toda Europa. A industria conserveira galega é a mais dinámica de Europa e as dúas mais grandes galegas están entre as sete primeiras europeas. As empresas multinacionais pesqueiras mais importantes de Europa son galegas e desde aquí, e con capital propio, dominan no seu segmento de actividade alí onde chegan en calquer punto do mundo. E aquí tamén hai mulleres. Na administración, na transformación, na venda, transporte, na investigación e na dirección. Non é alleo ás mulleres galegas o que se produz en pesca.

Este plantexamento basea-se nunha definición conceptual nova do produto pesca. Fixamo-nos en que na economía actual e, seguindo as orientacións do Sistema de Contabilidade das Nacións Unidas, o mercado é o elemento unificador e en último extremo recoñecedor da existencia dun ben. O produto pescado é-o na medida en que o mercado o toma en consideración: demanda e oferta son compoñentes inseparábeis da existencia dun produto.

E o mercado identifica pescado e demanda pescado independentemente da súa procedencia material: da extracción (próxima ou lonxana á costa), do cultivo, da importación, da transformación-conserva. O mercado do ben pescado funciona coa lóxica global, en primeiro lugar, e coa lóxica do ben alimento, en segundo término, e non hai nada nas clasificacións ao uso, aínda que rancias e obsoletas, de distinguir sectores de actividade primarios, secundarios e terciarios que sexa quen de gobernar esoutro mundo do mercado con leis de funcionamento alleas ao que poñen os papeis dos organismos internacionais. Decimos, polo tanto, que a realidade do mercado, a realidade material, identifica o produto pescado de maneira distinta a como o fan as velhas clasificacións en que a estatística oficial se ampara. Mesmo cando as especificacións da metodoloxía en que parecen apoiar-se sexan ben distintas.

A nosa aportación

Pola nosa parte e, partindo da definición conceptual que aparece na introducción metodolóxica das Táboas Input-Output da pesca-conserva galegas 1999;⁷ consideramos o sector pesqueiro constituído polas diferentes ramas da pesca extractiva (baixura, litoral, altura

⁷ García Negro, M.C. (dir.), (2003), *Táboas Input-Output da pesca-conserva galegas 1999*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

e grande altura) mais a miticultura, mais a acuicultura de peixes, mais o marisqueo, mais a transformación, for conserva ou novos transformados de produtos da pesca.

E consecuentemente, todos os empregos directos destes subsectores da pesca son de interés para o noso traballo.

Hai tres subsectores nos que a presenza de mulleres é maioritaria ou de relevancia decisiva. O marisqueo, a miticultura e as conserveiras non existirían simplemente de non contar con forza laboral feminina.

No marisqueo adoita-se aceptar como válida a participación laboral de mulleres, nun 90%. A importancia económica deste produto ascendía en 2000 a 66,313 millóns de euros contando co valor das importacións equivalentes, e de 26,532 millóns de euros sen importacións; o monto de rendas mistas (salários mais ingresos de autónomas) representaba nese ano 23,350 millóns de euros, é dicir, o valor do produto distribuído como renda (do producido na propia costa) remunerou por mais de 23 millóns de euros a traballadoras directas en marisqueo. Non nos permiten estas cifras concordar con valoracións (mesmo con financiación comunitaria) que minimizan a importancia deste traballo e deste produto.

Na miticultura⁸ o valor do produto sen importacións era de 94,612 millóns de euros e o valor das rendas mixtas de 44,273 millóns de euros.

A participación constatada do emprego feminino era de 33,6% no total de ocupados directamente na miticultura, que supoñía, á altura de 1995, 1.726 ocupadas directas. A titularidade das bateas estaba nun 28,2% en maos de mulleres, o que é unha participación moi elevada xa que o habitual é que a presenza feminina non se corresponda coa titularidade oficial nas empresas en que participaba na produción. A taxa de salarización de mulleres é relativamente pequena (13,1%) pero é de sinalar que só explotacións de tamaño medio e grande contan con asalariados fixos ao longo do ano e son estes os que constan nos inquéritos.

Debemos salientar que nun 11,32% e nun 8% o número de informantes é muller ou comparte co titular os coñecementos da explotación mexilloeira, o que supón un grao de coñecemento directo da xestión da empresa dun 19%.

Na industria conserveira, o valor do producido sen importacións equivalentes é de 1.167,236 millóns de euros. Sabemos que nesta industria o traballo asalariado feminino é do 90%. Fontes da asociación empresarial e mais dos sindicatos coinciden en sinalar esa relación. O que situaría en 2000 nunha cifra aproximada de 10.845 traballadoras. O monto dos salarios mais cotizacións sociais era nese ano de 79,695 millóns de euros.

A participación, non obstante, non comeza e acaba coa presenza numérica. Nas actividades arriba citadas cómpre sinalar que os aspectos cualitativos que fan referencia ao papel da muller na sociedade mariñeira son de tan alta importancia como os cuantitativos. Así, a cualificación material (sexa ou non reflexada no salario) a transmisión de coñecemento, do meio mariño, o papel de cuidadora do recurso e, polo tanto, de elemento chave na fixación da poboación así como na perpetuación dunha relación histórico-cultural dada co mar é decisiva. As bases sobre as que se apoia a dinámica industrial da transformación de pescado que sigue medrando en Galiza non está lonxe dese débito ao rol das mulleres.

Polo que fai referencia a outros subsectores pesqueiros no presente limitámonos a constatar a existencia de mulleres en todos os ámbitos, oficios e cualificacións e até que non existan rexistos mellores, quedámonos coas cifras oficiais que proporciona a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia xa que nen as censais nen as privadas, así como as doutras fontes mesmo comunitarias, son rexistos lamentablemente baleiros.

Agora ben, pode-se deducir de todo o exposto que é relevante interesarse por este tema?. Ou, dito doutro xeito, tén futuro a pesca?.

Para responder a segunda pregunta non vou utilizar os meus argumentos senón o aceptado universalmente porque forma corpo de coñecemento na FAO e nos próximos anos nas recomendacións da Sociedade Europea de Cardiología: na FAO diz-se que na pesca reside a actividade humana que en mellores condicións económicas pode fornecer de proteínas aos países en vías de desenvolvemento. Os avances na ciencia médica sitúan hoxe a dieta atlántica (e coa dieta no modo de vida máis semellante ás comunidades atlánticas) a garantía de prevención das enfermidades cardiovasculares que son o primeiro motivo de morte nos países industrializados.

En Galiza temos o recurso, o coñecemento, a cualificación e as empresas, qué mais se pode pedir para ter futuro?.

Compostela, 5 de Febreiro de 2004

⁸ As fontes empregadas foron: García Negro, M.C. (dir.), (1997) *Táboa Input- Output da pesca –conserva galegas. 1995*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia

García Negro, M.C. (dir.), (2003) Op. Cit.

Rodríguez Rodríguez, G. *A Economía da Miticultura Galega. Unha Análise Estructural*, Tese de Grao apresentada en Maio de 2001 na Facultade de CC Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela, na que se analiza especificamente a importancia do emprego feminino.

MULLERES CONSERVEIRAS: VIDA E TRABALLO NO SÉCULO XX¹

Ponente: Sra. Dna. Luisa Muñoz Abeledo

(Profesora de Historia Contemporánea na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela).

Introdución

Con esta ponencia pretendo analiza-la importancia do traballo feminino en comunidades marítimas donde, tanto a pesca como a súa transformación, foron actividades fundamentais para as economías familiares e para o desenvolvemento económico do litoral. O espazo de análise é a costa de Galicia, que foi a rexión líder das actividades pesqueira e conserveira de España. O marco temporal é século XX e a metodoloxía a análise microhistórica e o cruce de múltiples fontes (demográficas, de empresa, municipais) e fontes orais. O caso de estudio que exemplifica a evolución do traballo feminino en comunidades pesqueiro-conserveiras é o concello de Bueu. Este foi elixido por ser un dos primeiros en moderniza-la transformación da pesca na década de 1880, que foi a de despegue do sector (Carmona, 1985), e tamén porque no mesmo a empresa da familia Massó, que xa levaba dende comezos do XIX producindo peixe salgado, faría a transición á conserva hermética, consolidándose como unha das empresas conserveiras máis importantes en termos de produción e de emprego no século XX (Muñoz, 2002). Ambas actividades, salga e conserva, empregaban maioritariamente man de obra feminina, integrando ás mulleres no mercado de traballo asalariado das poboacións costeiras.

1. A actividade feminina en poboacións pesqueiro-conserveiras

Históricamente, as mulleres que habitaron e habitan en comunidades pesqueiras participaban en múltiples actividades económicas relacionadas directa ou indirectamente coa pesca: na extracción de peixe, na venda do mesmo, no marisqueo, na transformación da pesca.

No litoral de Galicia, e, concretamente no municipio de Bueu, os padróns de poboación rexistraban unha grande proporción de mulleres que traballaban estacionalmente nos almacéns de salga no século XIX e nas fábricas de conservas de peixe no século XX, compatibilizando esta actividade co traballo agrario e con tarefas auxiliares da pesca.

Traballaban calquera que fose o seu estado civil e ata edades moi avanzadas. Polo tanto, elas levaban o pan á casa, ademais dos homes.¹ Isto confirmase pola tremenda proporción de mulleres rexistradas como xornaleiras nos padróns de poboación de 1924 e de 1960.

¹ Véxase o debate acerca das familias gañadoras de pan. Janssens (1997:1-23).

Táboa 1. Ocupacións por sexo en Bueu, 1924-1960

Ocupacións	Ocupación Total 1924	Homes val. abs.	Mulleres val. abs.	Ocupación Total 1960	Homes val. abs.	Mulleres val. abs.
Labrego/a	14	12	2	13	10	3
Mariñeiro	300	300		268	268	
Xornaleiro/a	741	115	626	551	11	540
Artesan/a	18	15	3	112	72	40
Industrial	17	17		28	24	4
Comercio	48	42	6	39	34	5
Prof. Liberal	7	5	2	16	12	4
Servicio Doméstico	9		9	26		26
Outros Servicios	58	58		78	60	18
Total	1212	564	648	1131	491	640

Fonte: Padróns de Poboación de 1924 e 1960, Bueu, AMB.

No primeiro tercio do século XX o emprego industrial medrou porque se mantivo á industria salazoneira na localidade consolidándose tamén a conserveira (duas fábricas de salga e tres de conservas) polo que tamén aumentou o número de mulleres ocupadas no sector secundario, representando o oitenta por cento do total de mulleres ocupadas (Táboa 1). Ademais, o número de pescadores duplicouse no primeiro tercio do século XX, representando o vintecinco por cento do total da ocupación. O cambio sectorial máis significativo foi a redución da ocupación no agro debido aos avances do sector conserveiro e pesqueiro: en 1924, as mulleres rexistradas como labregas constituían tan só un 0,2 por cento da ocupación feminina e os homes tan só un 1,9 por cento (Táboa I). Estas variacións sectoriais indican a existencia dun significativo cambio estrutural e de avance no proceso de industrialización local, algo predecible por ser Bueu unha das primeiras poboacións en proceder á transición da industria salazoneira á conserveira.

A composición sectorial do mercado de traballo local en 1960 era similar à de 1924 (Táboa 1), excepto polo que se refire ao sector servicios, o cal medrou no periodo pasando de 5,5 a 9 en 1960. Como consecuencia dun incremento da demanda de peixe en lata incrementouse o servizo de transporte para a industria; pero tamén medraron a oferta educativa e sanitaria e os servizos turísticos no concello de Bueu². O sector secundario era o 61 por cento do total de ocupación. O cambio máis remarcable, en contraste con 1924, era o declive dos xornaleiros, que seguía unha tendencia a longo prazo

² En 1961 Bueu recibiu 92 familias, maioritariamente de Madrid, que se aloxaban en pensións, casas particulares e habitacións subarrendadas. Isto implicaría unha substancial axuda para as familias de Bueu. AMB, *Censo de familias veraneando en Bueu*, 1961.

A elevada participación das mulleres no mercado de traballo de poboacións peixeiras e conserveiras como Bueu obsérvase a través das taxas de actividade, que foron moi elevadas no século XX (Táboas II e III).

Táboa II. Taxa de actividade feminina en Bueu, 1924

Idade	(1) Mulleres N°	(2) Taxa Actividade	(3) Industria %	(4) Com/Serv. %
6-10	115			
11-15	122	25.4	100	
16-20	126	68.2	95.3	4.6
21-25	108	76.8	97.5	2.4
26-30	79	88.6	97.1	2.8
31-35	72	91.6	98.4	1.5
36-40	65	83	96.2	3.7
41-45	54	90.7	95.9	4
46-50	69	97.1	94	5.9
51-55	35	85.7	100	
56-60	32	84.3	100	
>65	93	86	100	
Total	970	83.4	97.2	2.8

Fonte: Padrón de Poboación en 1924, AMB.

Taboa III. Taxas de actividade feminina, 1960

Idade	(1) Mulleres N°	(2) Taxa Actividade	(3) Industria %	(4) Ofic.Trad. %	(5) Com/Serv. %
6- 10	92				
11-15	81	22.2		94.4	5.5
16-20	79	87.3	65.2	21.7	13
21-25	71	90.1	92.1	1.5	6.2
26-30	74	90.5	92.5	1.4	5.9
31-35	56	83.9	91.4	2.1	6.3
36-40	63	85.7	90.7	1.8	7.4
41-45	62	95.1	98.3	1.6	
46-50	53	92.4	83.6	2	14.2
51-55	77	87	92.5		7.4
56-60	58	91.3	84.9	1.8	13.2
>60	104	82.6	88.3	5.8	5.8
Total	968	65.3	85.3	6.9	7.7

Fonte: Padrón de Poboación de 1960, AMB.

As mulleres integrábanse no mercado de traballo na adolescencia, entre 15 e 20 anos, sobre todo no procesado de peixe e permanecían altas ata edades avanzadas. Isto permítenos afirmar que as poboacións pesqueiras constitúen unha excepción do que se considerou tradicionalmente a pauta de actividade dominante. A taxa de participación da muller en industrias marítimas foi elevada no século XX. Non só as nenas e mulleres novas entraban a traballar nas fábricas de procesado de sardiña, senón que no mercado de traballo tamén permanecían as casadas e viudas, supoñendo unha parte importante da forza de traballo nas comunidades marítimas (no caso de Bueu máis do 50%). Isto a pesares de que, como acontecía cos nenos, a actividade feminina está tamén afectada pola ocultación nas fontes históricas (algunhas das mulleres que o padrón recolle con “sus labores” como ocupación aparecían traballando nas conserveiras).

A participación da muller no mercado de traballo no sector conserveiro foi aumentando a medida que avanzaba o proceso de industrialización. De feito, as xa de por sí elevadas taxas de actividade feminina na industria da salga de peixe no século XIX aumentaron moito máis durante o primeiro tercio do século XX, co crecemento da conserva hermética (Muñoz, 2002). Fronte a outros estudos sectoriais nos que se mostra que a participación feminina presentaba unha forma de U invertida, o que indica que as mulleres abandoaban o mercado de traballo cando casaba ou tiñan o primeiro fillo, nas industrias marítimas a curva laboral feminina presenta forma de “M” suavizada, similar á dos países industrializados. Isto xustifícase porque as mulleres casadas non abandoaban o seu traballo -nen tan siquiera cando os fillos eran pequenos- senón que buscaron diferentes estratexias para manter o seu posto nas fábricas de salazón e de conservas, aínda que en moitas ocasións dedicasen menos tempo a esta actividade, pasando, por exemplo, de ser traballadoras diarias a eventuais³. As mulleres de Bueu tendían a moverse dentro e fora do mercado de traballo segundo a disponibilidad de emprego no primeiro termo e as necesidades familiares en segundo termo. En todo caso, o traballo das casadas en industrias alimentarias e textis representaba unha continuidade do que fora tradicionalmente produción doméstica, conectando o traballo na casa e na fábrica⁴. O traballo das casadas neste e noutros sectores demostrou ter unha enorme importancia para soste a economía familiar como veremos no seguinte epígrafe⁵.


³ Non se cumpre a tese de que a muller abandoa o mercado de traballo con casamento ou o nacemento do primeiro fillo. Hareven e Model (1980); Goldin (1986).

⁴ Hareven (1990); Tilly e Scott (1989) sinalaron a importancia do traballo feminino nos mercados locais.

⁵ Para o pupilaxe na mineiría vasca Pérez Fuentes (1993), para o calzado Bibiloni e Pons (2001) para a do tabaco Gálvez (2001), para o servizo doméstico Sarasúa (1994), o textil en Camps (1995) entre outros.

2. A contribución das mulleres na economía familiar

Aínda que sufrían segregación ocupacional e formaban parte do segundo segmento do mercado laboral, as mulleres de poboacións costeiras contribuíron cos seus ingresos a supera-los niveis de subsistencia das economías familiares ás que pertencían (Muñoz, 2003:239-307; 2006:83-109). Nas industrias marítimas, na salga ao longo do século XIX e na conserva dende 1880, os salarios femininos representaron aproximadamente a metade dos masculinos.



Fuente: Muñoz (2002: 236)

A pesar de formar parte do segmento secundario do mercado laboral, as mulleres conserveiras asumían co seu xornal diario ao redor dun cincuenta por cento do gasto alimentario familiar na década dos vinte do século pasado, porcentaxe que se incrementaba a un sesenta por cento nos anos trinta debido aos incrementos salariais que tiveron lugar durante a Segunda República (Gráfico 1). Os salarios nominais representados no gráfico son os dos homes e mulleres englobados na categoría de oficial segunda, na que se situaba o maior número de traballadores/as. O salario real informanos sobre a capacidade adquisitiva das obreiras e obreiros medida mediante as cestas de alimentos que, por termo medio, podían adquirir ao día (Muñoz 2002:235-239). Aínda que nos salarios nominais non se computan nen o valor das horas extras nen o traballo en festivos, a aportación das obreiras ao orzamento familiar era crucial na millora do nivel de vida das familias que traballasen na industria conserveira (Gráfico 1).

A cooperación económica das mulleres foi importante tamén para as familias mariñeiras xa que, dada a irregularidade dos ingresos dos pescadores, os xornais femeninos, tanto de mulleres adultas como de nenas e adolescentes, facíanse imprescindibles para superar os niveis de subsistencia. A irregularidade dos ingresos do cabeza de familia que dependían da fortuna da actividade extractiva e do sistema de remuneración “á parte” era paliada co ingreso, as veces máis estable, das obreiras conserveiras e das súas fillas que ganaban aproximadamente a metade dunha obreira adulta de cualificación media, aportando tamén o seu xornal á familia (Muñoz, 2002:235-239).

En suma, as familias obreiras conserveiras, e, especialmente, as de pescadores, precisaban dos xornais das mulleres para garantir a súa subsistencia. Aínda que é ben certo que na conserva, os salarios das obreiras eran baixos, a metade da dos obreiros, cubrían unha boa parte do gasto alimentario. No caso das familias de pescadores non soía ser nen complementaria nen inferior á masculina, todo dependería dos ingresos obtidos pola actividade extractiva. Pero ademáis da aportación das mulleres ás economías familiares queremos aproximarnos nesta ponencia ao que sería o funcionamento do mercado de traballo e á percepción da actividade das mulleres nas sociedades de pobos mariñeiros.

3. A segregación sexual do mercado laboral

3.1 O primeiro tercio do século XX

O mercado de traballo permaneceu segregado por sexo ao longo do século XX. No primeiro tercio do século, o diferencial salarial entre homes e mulleres era dun cincuenta por cento. Como sinalan as teorías feministas, os principais, aínda que non os únicos, factores que originaron a brecha entre os xornais das mulleres e dos homes foron a formación, a segregación ocupacional, a experiencia laboral e a escasa valoración social do traballo feminino⁶.

Polo que se refire ao primeiro factor, as institucións educativas non facilitaban o acceso á formación profesional, que foi exclusivamente masculino dende a década de 1880, coa creación das Escolas de Oficio⁷. Moito despois, nos anos trinta do século XX, a Escola de Traballo non contemplaba na súa oferta educativa que as mulleres se formasen profesionalmente para acceder a cargos medios (capataz, administración); impondo barreiras ao avance laboral das obreiras. En segundo lugar, os salarios femeninos foron inferiores aos masculinos porque existiu segregación ocupacional, é dicir, que as mulleres só se lles ofertaban postos base na escaleira laboral das plantas de procesado: un gran número de

⁶ Hartman (1981), Beechy (1988).

⁷ Hervada (2004).

mulleres se concentraba na ocupación xenérica de obreira (Táboa III.2), producíndose un efecto negativo sobre os salarios pola abundante oferta de traballo feminina e quedando restrinxida a súa entrada a outros postos millor remunerados⁸.

Táboa IV. Ocupacións e xornais segundo xénero e idade na planta de fabricación da empresa Curbera en Vigo, 1933

Ocupación	Nº Trab.	Xornal día	Ano entrada	Idade
Masculinas				
<i>Director</i>	1	16	1899	57
<i>Capataz</i>	1	14	1898	51
<i>Fogoneiro</i>	2	9,5	1909/1917	57/53
<i>Caldereiro</i>	1	9,75	1920	37
<i>Salador</i>	1	9,5	1917	38
<i>Cociñeiro</i>	1	8,5	1929	44
	1	8,5	1933	46
	2	5	1933	26/28
Femeninas				
<i>Revisadora empaque</i>	2	3,5	1906/1903	44/51
<i>Cociñeira</i>	1	3,37	1922	51
	1	3,25	1903	46
<i>Apiladora</i>	1	3,5	1923	20
<i>Revisadora</i>	10	3,25		
<i>Marcadora</i>	1	3,25	1914	38
<i>Aceitadora</i>	2	3,25	1916/1913	40/42
<i>Sertidora</i>	4	4		
<i>Resto obreiras</i>	357	2,25-3,5		
Xornal obreiras como				
Porcentaxe xornal obreiros		50%		

Fonte: AHC, Libro matrícula e Libro Xornais empresa Curbera, 1933, Vigo.

Ocupasen postos de xestión, administrativos ou técnicos, os homes situábanse no segmento primario, percibindo maiores salarios que as mulleres. Dentro do segmento primario, os postos de director e capataz eran os millor pagados; nun tramo salarial inferior situábanse as outras ocupacións masculinas: fogoneiro, caldereiro, salador e cociñeiro (Táboa IV)⁹. Aínda que as ocupacións femininas se situaban no segmento secundario, as


⁸ El efecto ocupacional crowding, que resultaba da concentración nun estreito rango de ocupacións, o que deprimía os salarios. Lewis (1996),

⁹ El fogonero y el calderero eran trabajadores clave en el proceso productivo porque gestionaban la cocción y esterilización del pescado respectivamente. El salador controlaba la salmuera y el cocinero se encargaba de las diferentes preparaciones. Serie Entrevistas Agosto 1998.

que traballaban con máquinas ou eran encargadas de sección -aceitado, peche, revisado de latas cheas ou revisado de empaque- percibían salarios superiores aos do resto de obreiras que elaboraban peixe, cuxo salario medio na industria era de 2,5 Ptas. día, aproximadamente a metade do xornal dos obreiros, e isto a pesar de que en algunhas seccións como a cociña, traballasen homes e mulleres (Táboa IV).

Outro elemento condicionante da diferenza de salarios por sexo é a experiencia laboral, que expandía a brecha salarial ao longo do ciclo vital, acentuando a segmentación.

Xornal feminino e masculino segundo a idade na industria conserveira. Bueu, 1924 (T. Mostra=135)



Fonte: Padrón de Poboación e "Libros de Xornais" de Massó, AHM.

O Gráfico 2 mostra os ingresos de obreiros e obreiras traballando para Massó en 1924. Tal como se pode observar na mesma, existe unha estreita relación entre idade e xornal masculino, mentres que o salario feminino mantíñase constante ao longo da vida laboral¹⁰. Así, cando agrupamos os salarios por idade, os xornais máis baixos dos operarios localízanse no grupo de entre 15 e 20 anos, pero medrando ao longo da vida laboral, mentres que os xornais femininos permanecen planos. En definitiva, os ingresos dos homes elevábanse coa antigüidade na empresa, mentres que os das mulleres só aumentaban cando se intensificaba o seu traballo. Isto mostra a escasa promoción interna das mulleres no mercado laboral da conserva de peixe, o que repercutía en que a súa remuneración quedase estancada e non supuxese nin a metade da masculina en ningún punto da súa vida laboral.

¹⁰ Muñoz (2002).

O factor condicionante da desigualdade salarial por sexo era a escasa importancia que se lle deu ao traballo feminino en sociedades pesqueiras: primeiro de todo, as propias familias de pescadores non valoraban as tarefas de preservación de peixe efectuadas polas esposas nas bodegas dos fogares. Despois, os patronos dos almacéns de salga, reproduxeron esta falta de aprecio polo traballo das mulleres remunerándoas con salarios inferiores aos masculinos ao longo do século XIX e primeiro tercio do XX. Finalmente, os fabricantes de conservas de peixe estaban interesados en desvalorizar as habilidades das conserveiras para pagarlles menos e así lograr aumentar a competitividade externa.


De todo o anterior despréndese que a diferenza de salarios entre mulleres e homes foi debida en parte á discriminación que, tal e como propoñen as teorías feministas, ten que ver con factores ideolóxicos, económicos e culturais¹¹. O sector conserveiro exemplifica o anterior: o peso da tradición determinou o salario feminino mesmo antes da súa regulación polo mercado; asimismo, a segregación por sexo nas ocupacións, a falta de oferta educativa en cuestións de formación profesional e a dedicación das mulleres á familia e ao fogar condicionaron que as obreiras conserveiras se mantiveran na base da escala salarial.

3.2 A etapa franquista

Ainda que seguirá existindo desigualdade salarial entre ambos sexos, o diferencial de salarios aparentemente diminuíu con respecto ao que acontecera no primeiro tercio do século XX, pois os xornais das mulleres suponían un ostenta por cento dos salarios dos homes nos anos sesenta. Isto observámolo no Gráfico 3, que representa o índice de salarios nomináis ponderado por categoría e sexo da empresa Massó Hermanos, S.A.

¹¹ Beechy (1988); Folbre (1994).

Gráfico 3. Salarios nominais masculinos e femeninos na Industria Conserveira



Fonte: Muñoz (2001:269-285)

Ambos índices de salarios mantiveron unha tendencia paralela no longo prazo (Gráfico 3). Acorde coa política de rendas franquista, foron extraordinariamente baixos nas dúas primeiras décadas do réxime, para comezar a subir cara a mediados dos anos cincuenta debido á aprobación do Decreto de 8 de xuño de 1956, que introducía unha maior flexibilidade salarial nas empresas, que podían establecer libremente condicións superiores ás xerais e mínimas fixadas nas reglamentacións. De feito, entre 1956 e 1957 practicamente se duplicaron os salarios na conserva de peixe. Voltaron a aumentalos salarios a principios dos anos sesenta coa signatura dos diferentes convenios colectivos: o do sector conserveiro do 1 de xullo de 1962 que fixaba incrementos no salario base, os cales se poden observar no gráfico, pero ademais, aumentarían tamén as primas por produtividade, o prezo das horas extras e as gratificacións¹². Os salarios voltaron a aumentar, como se aprecia no gráfico III, cara a finais dos anos sesenta. Aínda así os das mulleres sempre foron por debaixo dos dos homes ata a década dos setenta, e, aínda que os salarios base tendían a igualarse en ambos sexos, os diferentes pluses que compoñían as nóminas do persoal marcarían a diferenza.

¹² Artigos 21 e 24 do "Convenio Sindical Colectivo en la Industria de Conservas y Salazones de Pescado para la provincia de Pontevedra".BOE 1/7/1962.

4. Percepción do traballo feminino en comunidades pesqueiras

En familias de obreiras conserveiras, que a muller contribuíse co seu xornal á economía familiar e que ambos cóniuges traballasen para a mesma empresa, traducíase nunha certa responsabilidade por parte dos dous membros da parella de compartir tarefas domésticas, como o demostran as testemuñas de algúns dos traballadores de Bueu nados a principios do século XX. En familias de pescadores algúns homes axudaban na casa para que as mulleres puidesen manter o seu posto nas fábricas de conserva. Isto mostra o testemuño dunha anciana obreira de Massó:

“Antes de casar ía diario, despois de casar xa fun eventual coma a xente. Cando empecei a ter aos rapaces perdía moito de traballar.....Meu marido axudaba na casa, amasaba o pan, facía a comida, traballaba na horta. Facer de comer non sabía moito, pero si eu non podía facelo el facíao.”

Tamén se comproba polas entrevistas que existía un reparto de tarefas no fogar: unha parella de obreiros conserveiros –traballadores da factoría de Massó en Bueu durante 51 anos, ambo-los dous dende os 14 ata os 65- o relata:

“Ela: O meu marido traballaba na conserva tamén no taller de carpintería facendo caixas. Eu non deixei de traballar para cuidar aos nenos eu viña para casa, e si eu velaba el viña para darlle de cear aos rapaces, tivemos oito. Él: Aceite e pan tiñamos abondo. O aceite traíao de Massó. Eu facía caldo de calabaza, ou verdura e fretía o pan. Ela: E mira pola mañán, el marchaba máis cedo ca min. Eu quedaba na casa e dáballes de almorzar e eles quedaban na casa. Eu deixaba a leña preparada e iba a traballar.”

A pesar de que estes casos non permitan concluir que existise igualdade por sexo na distribución de tarefas domésticas, os datos cualitativos presentan unha imaxe distinta da posición feminina dentro do fogar de familias obreiras e pescadoras, pois a asignación do traballo sería máis equitativa do que a historiografía sobre xénero considerou ata o momento¹³.

Deixando aparte o traballo industrial no procesado de peixe, as mulleres de Bueu, como as de outras localidades costeiras, tamén se dedicaban a algunhas actividades que lles permitían participar activamente na vida económica e na esfera social das comunidades marítimas. Dende finais do século XX algunhas poseían “botes polveiros” e eran tratantas de polbo, mercadería que negociaban cos pescadores nos botes, para despois limpala e

¹³ Frau Llinares (2001), Ramos (1990).

secala en terra firme, traballando en equipo, dirixidas por unha con mais experiencia; finalmente, transportábano e vendíano nos concellos próximos como Cangas e Vigo. Outras traballaban nos muelles de carga e descarga de peixe, tamén no arranxo e transporte de aparellos. Outras, as “regateiras”, surtían de sardiñas aos pobos do interior da provincia¹⁴. Todo este conxunto de ocupacións femininas remuneradas corrobora o xa explicado noutras seccións: a participación feminina no mercado laboral non foi durante o século XX tan só complementaria ao papel reproductivo, nen a súa contribución monetaria suplementaria ao do resto dos membros da familia. A parte disto, as mulleres erixíanse en administradoras da economía doméstica posto que os seus maridos estaban a maioría do tempo no mar¹⁵.

En comunidades pesqueiras as mulleres traballaban como xornaleiras na transformación de peixe nas fábricas locais, pero tamén desenrolaban outras tarefas relacionadas co mar: reparaban redes, secaban polbo, mariscaban, vendían peixe. No caso particular de Bueu eran propietarias de botes, terra e casas, participaban en asociacións mariñeiras e promovían a entrada doutros membros da familia nas empresas de procesado de peixe¹⁶. Outras eran “regateiras,” as que vendían o peixe na lonxa ou nos concellos máis próximos. Aínda que as regateiras máis expertas participaban na subasta de peixe comprando mercancía, había poucas mulleres que poxasen; en Bueu houbo unha subastadora dende finais do século XIX, á que relevou a súa filla a principios do XX¹⁷. Como eran os propios armadores os que elixían ao subastador, a muller debía ser moi boa vendedora, esperta no cálculo matemático, honesta e á vez con moito carácter para aguantarse nun mundo de homes; por elo, non cabe dúbida ningunha de que estas mulleres pisaban con forza o terreo do público na comunidade.

As donas e fillas de mariñeiros elaboraban e reparaban as redes, as atadeiras, sendo a mestra responsable do negocio no atadeiro, pois era ela quen contrataba as outras obreiras, pagáballes e comprobaba a calidade do produto antes de efectuala entrega ao armador. En Bueu, os armadores competían por deixa-los seus aparellos en mans das mellores: ben os mesmos armadores ou ben os patróns recrutaban boas atadeiras, os ser-

¹⁴ AMB, Subsidio Industrial, 1875. Estévez (1996:164).

¹⁵ Ansoa (1996: 144).

¹⁶ En Bueu, en 1924 as mulleres aparecen rexistradas como propietarias de terra e casas. Algunhas veces eran froito de herdanzas, pero tamén aparecen como titulares de contratos (27 de 72) de compravenda. AMB, “Registro fiscal de edificios y solares de Bueu, 1924-25”. Tamén tiñan algúns representantes na asociación local de mariñeiros. AMB, “Reglamento del Pósito de Pescadores de Bueu.”

¹⁷ Estévez Castro (1996:171). Ademais, o libro de transaccións da lonxa de peixe déixanos coñecer a participación de 8 “regateiras” en 1922. AMB, “Borrador de la Lonja, 1922”. Unha delas, “a Juliana”, xunto con dous homes, traballou na lonxa municipal fundada en 1919, cada un cos seus barcos, é dicir, cos seus clientes. Serie Entrevistas, Setembro 1998.

vicios das cales eran extremadamente demandados durante a estación de pesca ao ser imprescindible reparar as redes rápido e ben para volver a faenar. As mestras redeiras tiñan unha certa autoridade sobre os patróns, que aceptaban de bo grao as súas suxestións. Remendar e armar redes -un oficio tradicional que permanece ata a actualidade- require moita cualificación, adquirida por medio dun longo período de aprendizaxe informal de cinco ou seis anos, que comezaba durante a infancia dentro da familia e tan só unhas poucas chegaban a ser mestras¹⁸.

A modo de conclusión

Por todo o que vimos ata aquí pódese afirmar que as mulleres de comunidades pesqueiras gañaron certo poder no ámbito doméstico, integrándose máis no social e no público a medida que se desenvolvía a industria e aumentaba a actividade pesqueira local. En primeiro lugar, as mujeres ocupábanse de tarefas relacionadas coa pesca, participando nas asociacións locais de pescadores. En segundo lugar, levaban o pan á casa á par que os homes e, sendo irregular o el ingreso dos pescadores, podía incluso suceder que éstos dependesen dos ingresos das súas mulleres conserveiras -sobre todo si eran traballadoras diarias-, regateiras ou redeiras. Ademais, noutras comunidades costeiras, os historiadores subliñaron que as vendedoras de peixe eran maioritariamente solteiras ou viudas, polo que non dependían das ganancias masculinas para sobrevivir. Ás casadas, levar parte do pan a casa dáballes unha certa autoridade; de feito, tódalas hecho mulleres entrevistadas -conserveiras, regateras, rederas, subastadora- valoraban tanto o salario como a liberdade que o seu oficio lles ofrecía, e, pola propia percepción do traballo que tiñan, nengunha tería cambiado o seu traballo fora da casa por dedicarse ao campo ou tan só a "sus labores". Esta percepción a tiñan tamén noutras áreas conserveiras, é máis, sentíanse identificadas coa participación nas pesquerías locais. En terceiro lugar, a relativa independencia económica feminina deixábase ver en que algunhas mulleres poseían botes, lanchas, mesmo trañas non só por herencia senón tamén pola compra de embarcacións e tamén tiñan casas en propiedade. Por último, as mulleres de mariñeiros que vendían a pesca extraída polos seus maridos eran as administradoras do diñeiro. A venda de peixe, común no litoral español, sacaba ás mulleres da esfera privada e as poñía en contacto co público: o trato cos compradores, o continuo regateo, o evitar enganar requirían de habilidade, astucia e bastante carácter, trazos das mulleres da costa, que aínda hoxe en día presentan unha cultura propia fronte á das comunidades rurais. Todo isto non é exclusivo do litoral galego, senón que tamén no ámbito internacional hai múltiples exemplos do importante papel xogado polas mulleres en comunidades pesqueiras.

¹⁸ Nais, avoas e tías ensinaban ás nenas a remendar as redes. No caso da familia de Teresa, este oficio foi levado a termo por máis de tres xeracións. Serie Entrevistas Agosto, 1998.

Bibliografía

- ANSOLA, A. (1996): *Cambio económico y modo de vida en las comunidades cántabras* (s. XIX y XX), Tesis Doctoral, Dept. de Geografía, Urbanismo y Ordenación del Territorio, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Cantabria, Santander.
- BORDERÍAS, C. y LÓPEZ GUALLAR, P. (2001): La teoría del salario obrero y la subestimación del trabajo femenino en Ildefonso Cerdà, *Quaderns del Seminari d'Historia de Barcelona*, 5, Barcelona.
- CAMPS, E. (1995): La formación del mercado de trabajo industrial en la Cataluña del siglo XIX, Ministerio de Trabajo y Seguridad Social, Madrid.
- CARMONA, X. (1985): "La industria conservera gallega, 1840-1905," *Papeles de economía española. Economía de las Comunidades Autónomas (Galicia)*, 16: 177-191.
- EIRAS ROEL, A. (1995): "Características demográficas de la población del Morrazo. En memoria de Hilario Rodríguez Ferreiro" *Boletín del ADEH*, 13 (3): 9-17.
- ESTÉVEZ, J. M. (1996): *Reconocer Bueu*, Diputación Provincial de Pontevedra, Servicio de Publicaciones, Pontevedra.
- FRAU LLINARES, M^a J. (1991): *Mujer y trabajo, entre la producción y la reproducción*, Universidad de Alicante, Alicante.
- GÁLVEZ, L. (2000): "Género y cambio tecnológico. Rentabilidad económica y política del proceso de industrialización del monopolio de tabacos en España (1887-1945)," *Revista de Historia Económica*, 18 (1): 11-45.
- HAREVEN, T. (1990): "A complex relationship: Family Strategies and the Processes of Economic and Social Change", Friedland, R. y Roberston, A. F. (eds.) (1990): *Beyond The Marketplace. Rethinking Economy and Society*, New York.
- PÉREZ FUENTES, P. (1993): *Vivir y morir en las minas: estrategias familiares y relaciones de género en la primera industrialización vizcaina, 1877-1913*. Servicio Editorial Universidad del País Vasco, Bilbao.
- LE PLAY, F. (1990): *Campesinos y pescadores del Norte de España*, Ministerio de Trabajo y Seguridad Social, Madrid.
- MUÑOZ, L. (2002): *Los mercados de trabajo en las industrias marítimas de Galicia. Una perspectiva histórica, 1870-1936*, Tesis doctoral, Dept. Economía e Historia Económica, Barcelona, U. Autónoma de Barcelona.
- MUÑOZ, L. (2003): "Hombres, mujeres y latas: la segmentación laboral en la industria de conservas de pescado," Sarasúa, C. y Gálvez, L., *Mujeres y hombres en los mercados de trabajo, ¿privilegios o eficiencia?*, Alicante, Publicaciones de la Universidad de Alicante: 239-307.
- SARASÚA, C. (1994): *Criados, nodrizas y amos. El servicio doméstico en la formación del mercado de trabajo madrileño, 1758-1868, Siglo XXI*, Madrid.
- TILLY, L. y SCOTT, S. (1989): *Women, work and family*, Routledge.

CARACTERÍSTICAS SOCIO-LABORAIS DAS MULLERES NO SECTOR CONSERVEIRO

Ponente: Sra. Dna. Marina Polo Cal
(Responsable de Calidade da empresa CEFRICO e formadora do sector conserveiro).

A miña traxectoria profesional comezou un día 1 de xullo de 1992, nunha fábrica de conservas, mediana, no centro dunha poboación rural, Cambados. Posteriormente coñecín, dende fora, outras prantas similares e hai unha serie de características comúns, e ó mesmo tempo peculiares, típicas do sector, como son:

As conserveiras naceron en portos, moi preto da orilla do mar. A razón é de pura loxística: A descarga e recepción das materias primas era inmediata, sen dependeres de ningún outro medio de transporte. As prantas eran amplias e moi pouco compartimentadas, moi versátiles: Cocederos; amplias e sinxelas mesas de traballo, donde o mesmo se empacaban berberechos pola mañán, mexillóns a mediodía ou sardiñas polo serán; as máquinas pechadoras, máis ou menos rápidas e automatizadas; e os autoclaves, verdadeiras perlas xigantes a presión, donde se fai a esterilización, a razón de seres da conserva. Nas zonas anexas a esta gran planta, están outras non menos importantes: as caldeiras que alimentan de vapor ós cocederos e autoclaves; o taller; o almacén de materias auxiliares: Aceites, vinagres, especias; o almacén de envases. Tamén é moi importante o espacio ocupado polo almacén de conserva: Temos que pensar que unha fábrica de conservas traballaba soamente cuando había materias primas (sardiñas, mexillóns, ameixas e berberechos, etc), para posteriormente almacenalos; en moitos casos, incluso hoxe mesmo, se procesan nun mes toda-las latas que posteriormente se irán vendendo ó longo de todo un ano. É o que se chama coloquialmente como “facela campaña”. Gostaríame apuntar que esto require, das prantas, un enorme espacio físico, pero ademáis tamén unha gran capacidade financeira, posto que debe de investir grandes recursos económicos que irá recuperando posteriormente con lentitude. É máis, hai moitos anos, se consideraba que a conserva debía ter necesariamente un tempo, uns meses mínimo, para adquirir un “bouquet” do que carece cando está recién feita.

Cáseque tódalas fábricas de conservas eran empresas de carácter familiar, e incluso a vivenda do propietario solía estar muy próxima, se non anexa, á planta. O contacto entre o propietario e o traballo era moi estreito, e era habitual que coñecese personalmente a tódolos seus empregados e seguise moi preto a produción. Igualmente estaba moi arraigado o concepto de traballar, non para unha empresa, se non para unha persoa (o propietario), polo que non era raro, por exemplo, que un día que non houbera moita produción na planta, se enviase a algún operario a exercer labores de xardineiro, chófer, etc da propiedade.

En canto á xerarquía dentro de unha fábrica de conservas, debemos distinguir dous tipos de empregados: Os fixos, contratados para traballar todo o ano; éstos son fundamentalmente o persoal de oficinas, e os cargos máis especializados na pranta, como poidan ser: Os encargados, mecánicos, fogoneros, etc. E, por outro lado, os fixos discontinuos, que dependen de ser chamados por que haxa produción na empresa; son fixos, pero solamente traballan en épocas de produción. E aquí xa empezamos a falar de emprego feminino, por que, falando en números redondos, poderíamos dicir que nunha plantilla media de unha conserveira mediana, con uns 100 empregados ó seu cargo, éstos se distribuirían da seguinte maneira:

- Fixos: 25, dos que, por exemplo, 8 serían mulleres, maioritariamente en postos de oficina e labores de limpeza; os outros 17 serían os correspondentes a postos de Dirección e mandos intermedios na planta, así como auxiliares e oficios varios no almacén, carretileros, mecánicos, etc.
- Fixos discontinuos: 75, dos que uns 70 son mulleres, todas elas adicadas á produción, con maior ou menor rango: Encargadas, oficiais, auxiliares; os 5 restantes poden ser postos masculinos que ocasionalmente son necesarios para apoiar a produción.

Dentro de esta xerarquía, comentar que, na planta, aínda que a organización da produción se realice desde a oficina, hai un capataz ou encargado de produción, que coordina in situ as tarefas e reporta ó seu superior; este posto é ocupado tradicionalmente por homes, aínda que simultaneamente haxa unha encargada, coa función, debido ó seu coñecemento e experiencia, é ensinar e controlar a forma de desenrolar determinados traballos (as formas de empacar, con curiosas denominacións: En abanico, en espiga; os tiraxes das pezas no marisco, etc) e este posto sí é máis tradicional que o ocupe unha muller.

Outro detalle moi característico era, sobre todo antes, o ver, cando as fábricas traballaban, un montón de bicicletas, ciclomotores e motocicletas agolpadas sen aparente orden nin concerto ás portas das plantas; eran os seus medios de locomoción habituais. Hoxe, xa máis xeneralizadas as ubicacións das fábricas en polígonos industriais, é máis difícil ver ese batiburrillo de rodas nos arredores de unha planta pesqueira, pero entóns sí o era, como era ademais ver a donas ya entradas en anos moiéndose có seu ciclomotor con toda naturalidade po-lo casco urbano do pobo acudindo ó traballo.

¿Porqué traballaban/traballan as mulleres nas fábricas de conservas?

Son moitos e moi variados os motivos polos que as mulleres traballaban e traballan en plantas conserveiras. Evidentemente, o máis importante e xeneralizado é o económico. Pero durante moitos anos, entendeuse o emprego nunha conserveira como un “com-

premento;” dado que, ó non seres un posto estable ó longo do ano, non se podía contar con ingresos de forma constante. Aínda así, quero mencionar que sí había e hai casos nos que había unha dependencia directa do traballo na fábrica, aínda que eran os menos, trátase en su maioría de familias monoparentais, compostas por unha nai solteira e ún ou máis fillos; nos que a falta de traballo podía ser dramática, a pesares de contar con axudas sociais. Gostárame moito destacar que, en xeral, o carácter da muller galega foi sempre moi traballador, e se inculcaba dende a cuna que traballar era necesario; se vivía como algo social, non somentes económico. O feito de que non se traballase máis que uns meses ó ano era, en moitos casos, un aliciente máis: Se mantén o posto, se vai cotizando, aínda que sexa lentamente; se gañan cartos e se “sae da casa.” Esto ten tamén unha dobre lectura, e é que non axuda a que a muller se implique no traballo, e tampouco favorece unha alta produtividade .

Evidentemente as condicións físicas de traballo han cambiado moito: Os excesos de temperaturas (xa sexa frío ou calor), a humidade, os pesos, excesos de horas con posturas forzadas de fai anos, son características do traballo de antao que agora xa non se dan, ó menos, na mesma medida.

Igualmente, esta forma de traballo “intermitente” acarrea máis consecuencias: Se rexeita calquera mobilidade, xa sexa xeográfica, ou ocupacional; tampouco son proclives á formación, posto que se carece de ambición en ese sentido; hai unha especie de conformismo tácito có posto, e non se desexa máis. (por suposto hai numerosas excepcións, de formación adquirida tanto fóra como dentro da empresa, e que revirte directamente na actitude ante o traballo). Aínda lembro que máis de unha traballadora firmaba a nómina có dedo pulgar xa que non sabía ler nin escribir.

Algo que está quedando moi patente actualmente é eo elevadísimo absentismo laboral das conserveiras; rozando en moitas ocasións un 20% do seu persoal. ¿Debido a qué? Pois son varios os factores; un, que realmente a saúde de unha plantilla feminina nunha conserveira suele estar por debaixo da da poboación á que pertence, simplemente po-lo feito de que, xeralmente, as plantillas se reducen en número de forma natural (vaise xubilando persoal, pero non entra persoal novo no mesmo número). Dous: Se emprega á empresa como medio para seguir cotizando, pero realmente non se téñ outro interés no traballo; é moi coñecido no sector, por exemplo, cómo aumentan as baixas laborais en época de vendimia...

Tamén me gustaría mencionar, e vén a colación do que acabamos de dicir, que o traballo nunha conserveira suele ser, en moitos casos, sólo un emprego máis, de unha lista de empregos: Como non se pode contar con él de forma regular, sí interesa mantelo (por aquilo da cotización oficial), pero ademais se recurren a labores do agro, limpeza en fogares, etc.

En canto á forma de acceso á empresa, fai moitos anos era a propia fábrica a que procuraba reunir personal suficiente, recurrido incluso a percorrer as aldeas reclutando operarias. Hoxe, a maioría de elas recurren a ETT's, e/ou van elaborando listas ás que se apuntan solicitantes de emprego que voluntariamente se achegan ás plantas cando hai traballo. Ademais, durante moitos anos se entróu nas empresas por parentesco, ou por amizade. Igualmente, o chamamento ó traballo, cando comenza a época de produción, durante moitos anos dependeu do boca a boca, se recurría, incluso, a deixarse caer polo mercado semanal para comentar a unhas e outras a data de arranque do traballo; e teño que dicir, admirada, que semellante sistema nunca fallou nin ocasionou problema algún: No día de comenzo todas e cada unha delas ocupaban o seu posto de traballo; cosa que posteriormente, co as milloras nos medios de comunicación, e co as obrigacións impostas polo convenio, é ás veces moi difícil de conseguir.

Por último, dentro deste apartado, me gustaría comentar que fai moitos anos, o valor da man de obra de unha lata de conservas era sensiblemente inferior ó actual: Era menos importante, menos significativo. Hoxe é un valor importantísimo dentro do produto final, sin embargo, probablemente as nosas operarias non sexan conscientes de en qué medida.

Caracteres socio-culturales das traballadoras das conserveiras

Durante moitos anos, foron consideradas idóneas para estas tarefas debido á súa destreza, limpeza, vontade, flexibilidade, paciencia, fácil sometimento ás decisións de outras persoas. Evidentemente esto non quere dicir que carecen de carácter; probablemente o motivo de todo isto era a pouca cualificación. Teño que comentar, e espero non ser malinterpretada, que se vivía un machismo tácito (era, e é, un machismo inconsciente, respirado dende a cuna e vivido no entorno), algo que se reflexaba nun montón de anécdotas: Por exemplo, o día de cobro viñan a esperar ás traballadoras algúns dos seus maridos, pero non volvían a aparecer hasta o mes seguinte...

Polo demáis, teño que admitir que eu aprendín, e sigo aprendendo, moito de todas e de cada unha das compañeiras que coñecín nas plantas. Nunha fábrica se conviven moitas horas ó día realizando tarefas moi dependentes entre sí; nese sentido convirten a planta nun gran centro social onde as interaccións personais se dan con toda naturalidade; é máis, son seres moi sociais, e eso é tanto máis importante canto menos se valora actualmente. Ademais, chamoume moito a atención, sempre, a gran bagaxe cultural có que contan – cecáis non teñan formación, pero teñen cultura-, a súa gran humanidade, a súa independencia, a súa inxente capacidade de traballo, a serenidade co a que resolven tódolos problemas que a vida lles poña en diante, a ledicia co a que viven e a súa gran curiosidade e interés por todo, así como a seu gran corazón. Por eso me gustaría aproveitar esta charla para agradecerlles todo o que me han ensinado e me aportan día a día.

O PAPEL DA MULLER NO SUBSETOR DA CONSERVA: PASADO E PRESENTE

Ponente: Sra. Dna. M^a Teresa Filgueira Prol
(Traballadora do sector conserveiro da empresa Conservas Isabel de Galicia, S.L.)

PASADO

Dende moi antigo a conservación dos alimentos convertéuse nunha prioridade, primeiro o secado, salazón ou escabeche, pasou de facerse de forma individual para autoconsumo a converterse en almacéns de salazón ata chegar ás fábricas de conservas.

No Grove dende o xacemento arqueolóxico de "Adro Vello" onde se descubriron ducias de salga, ata as actuais fábricas onde se elaboran non só conservas de pescado e marisco senón ensaladas ou precocinados, etc.

Cinco xeracións da miña familia (ata onde os recordos alcanzan), traballaron na salazón e logo nas fábricas, xa que o meu avó paterno veu con 10 anos para axudar o seu pai a construír a fábrica de D. Carlos Areán, diso hai máis de 110 anos.

O meu bisabó traballou nos almacéns de salazón para logo facelo na fábrica de "AREÁN". Esa fábrica ubicada en Porto Meloxo en O Grove, foi máis tarde vendida a Manuel J. Piñeiro, na que a miña avoa e a miña nai traballaron ata o seu cierre por quebra.

Eran tempos duros a tódolos niveis, a xente subsistía como podía, con traballos duros e mal pagados, as mulleres que nas fábricas facían todas as labores dende a carga en muelles, a fabricación de envases, el corte eviscerado, empaque, etc, todo iso en condicións moi duras, moitas das veces descalzas, non existía o uniforme e moito menos as luvas.

O horario podía prolongarse mentres houberse materia para traballar, a ausencia de cámaras frigoríficas facían que a pesca ou o marisco houberse que deixalo envasado e cerrado.

A vida das mulleres que me precederon a marcaba a abundancia de pesca, a costera do bonito, a sardiña ou a apertura da veda do marisco, entón tiñan que quedar a "velar"; así chamaban a quedarse traballando ata altas horas, daba igual que fose festivo local ou un domingo, xa que chegaba o barco coa pesca e chamábase ás mulleres para traballar entón tocaba apagar o lume da comida e irse ás fábricas.

Pola contra, cando chegaba pesca tocaba quedarse na casa a esperar a chamada, e a sirena das fábricas marcaba a vida non só das traballadoras senón de todo o pobo, xa que a falta de reloxo, a mesma tocaba para as entradas 3 veces: media hora antes, 15 minutos, e en punto para empezar a traballar.

A cobertura médica apenas existía e incluso nos seus inicios cando tratouse de descontar do salario unha cantidade para cubrir a maternidade, estas mulleres o veían como unha merma en sus xa escasos ingresos.

Ademáis a construción das fábricas posibilitó a incorporación das mulleres ó mercado laboral, moitas veces o único salario que entraba nos fogares onde o pai ou o marido emigraba, estaba enfermo ou era mariñeiro e os invernos eran moi duros e non se pescaba.

Tamén tiña o seu lado positivo que as mulleres eran moi solidarias entre elas xa que cando algunha pasaba por momentos de necesidade, como o nacemento dun fillo, buscaban a forma de axudarlal.

Eu comencei a traballar con 15 anos en Conservas Eugenio Escuredo, S.A. sendo a forma de entrar habitual na época, a miña nai fala coa encargada e logo empecei traballar de inmediato. O traballo no me asustou e aunque era bastante esforzo físico a maioría do personal éramos mulleres das máis diversas idades, dende os 14 ós 65, pertencendo as miñas compañeiras a distintas xeracións. O traballo distribuíase case igual ás idades. As máis xóvenes facíamos os traballos menos cualificados e máis pesados, ir ós peiraos, cargar e descargar os camións, dar servizo as máquinas, proveer de pescado as mesas de raspado, empaque, etc...

Logo as que cumprían os 18 anos estaban nas máquinas, raspaban, emparrillaban.

Por outra banda, estaban as mulleres que facían as labores perfectas como o empaque manual que en moitas ocasións era auténtica artesanía, como solían dicir, unhas boas mans facían excelente unha mala pesca.

O meu traballo durou 5 anos. Cando o traballo comezou a escasear, o miña irmá que traballaba conmigo, convencéume para pedir traballo na empresa Conservas Garavilla (hoxe Conservas Isabel de Galicia).

PRESENTE

De esa época pasaron nada menos que 32 anos e en todo ese tempo as fábricas evolucionaron moito a nivel de instalacións, algunhas desapareceron, en O Grove fábricas como Conservas YAGO, Conservas EL MARINO, MANUEL Y PIÑEIRO, GÓNDAR, ESCALANTE, AREÁN, etc. hoxe son historia. Permanecen, nenbargantes, Thenaisie- Provöte con uns 100 anos, Isabel 33 anos, Marsac 30 anos.

Menos sorte tiveron outras localidades como Portonovo, Illa de Arousa, Carril, etc. onde as fábricas desapareceron e por ende, moitos empregos que en un 80% son mulleres.

Hoxe o traballo nas fábricas xa non depende da entrada de pescado fresco, as cámaras frigoríficas posibilitaron a estabilidade do traballo. Desgraciadamente o desvío da produción a outros países onde se construíron grandes factorías, a exportación masiva de lomos de atún, as chamadas lomeiras, deixaron a moitas traballadoras na casa pois o raspado de atún é un dos traballos que máis man de obra feminina absorbeu.

A estos problemas únese a falta de acordo entre PLADIMEGA e ANFACO, que deixou na casa a moitas traballadoras que fan a conserva do mexillón.

A contratación eventual tanto a través das empresas como por ETTs, unido ós baixos salarios e a clasificación persoal que non sempre axústase á realidade dificulta a estabilidade laboral de estas traballadoras.

Aún así a experiencia, a destreza e a tradición do traballo da conserva en Galicia faime confiar en que tanto as empresas como as administracións apostan por este sector que da traballo a 12.000 traballadores dos cuales o 80% somos mulleres.

Gracias,

M^a Teresa Filgueira Prol

